



HAL
open science

A Coruña anarquista. Na procura do ideal de liberdade

Oscar Freañ Hernandez

► **To cite this version:**

Oscar Freañ Hernandez. A Coruña anarquista. Na procura do ideal de liberdade. Thegroyne Edicións (1ª edición); A Coruña, A.lenta Editora, 2020, 2ª edición, 2017, 978-84-697-7568-4. hal-03111556

HAL Id: hal-03111556

<https://hal.science/hal-03111556>

Submitted on 13 Nov 2022

HAL is a multi-disciplinary open access archive for the deposit and dissemination of scientific research documents, whether they are published or not. The documents may come from teaching and research institutions in France or abroad, or from public or private research centers.

L'archive ouverte pluridisciplinaire **HAL**, est destinée au dépôt et à la diffusion de documents scientifiques de niveau recherche, publiés ou non, émanant des établissements d'enseignement et de recherche français ou étrangers, des laboratoires publics ou privés.



Distributed under a Creative Commons Attribution - NonCommercial - ShareAlike 4.0 International License



A Coruña anarquista
Na procura do ideal de Liberdade

Óscar Freán Hernández

Thegroyne Edicións



© 2017, do texto: Óscar Freán Hernández.

© 2017, desta edición: Thegroyne Edicións.

1ª edición: 100 exemplares. Decembro de 2017.

Deseño e edición: manchea
Thegroyne Edicións

I.S.B.N.: 978-84-697-7568-4

Depósito legal: C 1900-2017

A Coruña anarquista
Na procura do ideal de liberdade

Óscar Freán Hernández

————— Thegroyne Edicións —————

Limiar

O presente traballo é resultado de diversas investigacións que dende hai varios anos veño desenvolvendo sobre diferentes aspectos do movemento libertario galego e do anarquismo en xeral. Non pretende ser, nin moito menos, unha historia do anarquismo na Coruña; máis ben unha reflexión sobre a raigame e a importancia desta corrente política entre a poboación coruñesa. Algúns poden considerar sorprendente esta tradición libertaria da vila, aínda que se explica pola propia base sociopolítica que se foi forxando na cidade ao longo da súa historia contemporánea. As “Coruñas” que podemos lembrar, contar e historiar son moitas. Unha delas é esta, a Coruña anarquista. Unha Coruña do pobo,

obreira e sindicalista, racionalista e amante da cultura, fraternal e internacionalista, universal e da terra.

Unha primeira versión deste traballo foi publicada en 2009 en forma de artigo no número 31 na revista vasca *Zainak*. A presente versión foi ampliada e actualizada ata conformar un texto máis completo e documentado. Quero agradecer en primeiro lugar a manchea o seu interese por aquel ensaio e a súa proposición para publicar este novo texto. Tamén a Alberto Valín Fernández, coruñés de corazón, pola lectura atenta do primeiro borrador e polas súas sempre construtivas críticas e observacións. Agradecer, como non, aos lectores que se van a introducir nas páxinas deste breve ensaio. Agardo que os traslade á historia dunhas xentes que viviron nese difuso terreo entre a realidade e o sempre necesario idealismo; que loitaron por unha vida e por un mundo mellores; que avanzaron, parafraseando ao grande Eduardo Galeano, cara o sempre afastado horizonte da utopía. Todos os comentarios, correccións e precisións serán ben recibidos. Non dubiden se o consideran necesario facermos chegar por mail:

omfrehnh@univ-fcomte.fr ou *oscarfrehnh@hotmail.com*
ou polas redes sociais máis habituais. Boa lectura.

A Coruña anarquista

No cemiterio coruñés de Santo Amaro, mirando ao mar, repousan os restos dunha chea de homes e de mulleres que viviron e que soñaron un ideal de liberdade, de xustiza e de igualdade; que loitaron, algúns até a súa morte, por un mundo que eles querían mellor, sen deuses nin amos, guiado pola razón cara á súa meta que non era outra que o comunismo libertario. Os anarquistas coruñeses deixaron unha pegada na historia da súa cidade, na historia da Galiza e na doutros países de aquí e de alén o mar onde emigraron ou se exiliaron nalgún momento das súas vidas. O movemento libertario foi especialmente forte na Coruña entre os anos noventa do século XIX e os anos trinta do século XX, ata o comezo da guerra civil e da represión franquista. A loita dos anarquistas foi, especialmente, para mellorar as

condicións de vida das clases populares. Na súa vertente sindical, batéronse por conseguir avances no ámbito laboral. No eido do ensino e da cultura traballaron para facer progresar a ciencia e a razón.

O seu combate quería espertar as conciencias e mobilizar o pobo na procura dunha sociedade máis igualitaria e xusta. Nesta teima non estaban sós. Nesa loita participaban tamén as outras forzas da esquerda reformista ou revolucionaria. Aínda que con estratexias e prazos diferentes, os republicanos de esquerda, os socialistas, os comunistas, os masóns ou os librepensadores querían levar a cabo uns cambios económicos e sociais para favorecer o progreso social. Fronte a eles, as elites tradicionais que, na meirande dos casos, non querían renunciar ou compartir os privilexios e as vantaxes que levaban desfrutando dende había anos e séculos. A Igrexa católica, o exército, os aristócratas ou os burgueses –alomenos unha boa parte deles– rexeitaban as demandas e reivindicacións das esquerdas e dos traballadores. Era, xa que logo, un conflito amplo e global, que Eric Hobsbawm definiu como unha guerra entre “familias ideolóxicas”: por unha banda os herdeiros das Luces do século XVIII e das grandes revolucións, pola outra os seus adversarios; unha guerra, de feito, entre o “progreso” e a “reacción”¹.

Entre os anos finais do século XIX e o comezo do

¹Eric J. Hobsbawm, *Historia del siglo XX. 1914-1991*, Barcelona, Crítica, 2012, p.150.

século XX, A Coruña converteuse nunha cidade moderna, dinámica e aberta. En termos de poboación, pasou dos preto de 43.000 habitantes no cambio de século ata os 90.000 en 1940. O conxunto do municipio incrementou a súa poboación dos escasos 48.000 habitantes en 1910 aos máis de 104.000 en 1940; anexionando en 1912 o concello limítrofe de Santa María de Oza e integrando así as parroquias de San Vicente de Elviña, San Cristobo das Viñas, San Pedro de Visma e de Santa María de Oza mesmo². Urbanisticamente, desapareceron as vellas murallas e se planificaron e construíron os proxectos de ensanche. A cidade gañou terreo grazas aos recheos e a extensión das construcións máis aló do istmo cara as terras do interior. No eido económico, A Coruña viviu un dos momentos de máis grande dinamismo da súa historia. As actividades portuarias, comerciais e industriais foron a locomotora deste desenvolvemento económico; aínda que os oficios artesanais tradicionais seguían sendo importantes para a economía local. O sector da construción, estimulado polo crecemento urbano, tamén se viu favorecido ao longo destes anos. O feito de ser centro burocrático e administrativo contribuíu igualmente a alimentar o carácter urbano da cidade³. Na sociedade coruñesa deses anos despuntaba a

²Andrés Precedo Ledo (dir.), *La Coruña: metrópoli regional*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 1990, p. 268.

³Florinda Blanco Louro, “Los cambios sociales en A Coruña durante el primer tercio del siglo XX” e Elvira Lindoso e Jesús Mirás Araujo, “La

puxante burguesía comercial e industrial –especialmente a primeira– así como os profesionais liberais e tamén unha clase obreira cada vez máis importante dende o punto de vista numérico e ideolóxico.

Foi nesta clase obreira onde arraigou de xeito especial o ideal anarquista portado polo movemento libertario. A fortaleza das distintas organizacións que integraban este movemento, en especial da Confederación Nacional del Trabajo (CNT), permítenos definir a cidade da Coruña non só como o núcleo central do movemento libertario galego senón tamén como un dos bastións ácratas do Estado español. O perfil socioeconómico e político da cidade favoreceu a orientación libertaria dunha parte importante das camadas populares. Como centro portuario, administrativo e comercial que era, A Coruña tiña unha longa tradición liberal, federal e republicana. Os republicanos foron, de feito, os dominadores da vida municipal durante o primeiro terzo do século XX⁴. O primeiro asociacionismo obreiro na Coruña organizouse xustamente ao abeiro destes republicanos, tomando deles os valores do progresismo e a práctica da democracia.

trayectoria de una economía urbana, A Coruña (1868-1936)”, *El republicanismo coruñés en la historia*, A Coruña, Concello da Coruña, 2001, p. 39-48 e 31-28 respectivamente.

⁴Luis Antonio Giadás Álvarez, *La vida política municipal en A Coruña entre 1900 y 1931*, Sada, Ediciós do Castro, 1997.

As diferenzas xurdidas entre obreiros e republicanos, así como a chegada das ideas da Asociación Internacional de Traballadores (AIT), motivaron o afastamento orgánico do obreirismo organizado do republicanismo. Así, en 1871 constituíuse a Federación Local da Coruña da AIT, que agrupaba ás sociedades de canteiros, carpinteiros, xastres e zapateiros; integrándose máis tarde as de douradores, ferreiros e toneleiros⁵. Era a primeira asociación obreira internacionalista da Galiza. Este movemento obreiro coruñés evolucionou cara ao anarquismo e foise consolidando dunha maneira estábel a partir das décadas finais do século. Os anarquistas coruñeses traballaron arreo, e así foron quen de constituír unha importante rede asociativa que tivo a súa base máis forte no ámbito sindical, pero que atinxía tamén ao medio cultural e educativo, como veremos nas próximas páxinas.

A pegada anarquista na cidade foi especialmente relevante no asociacionismo sindical, até o punto que nos anos trinta do século XX —durante a II República— a CNT contaba con máis de 10.000 afiliados. Isto supón un 15% da poboación total da cidade, ou un 13% se con-

⁵Gérard Brey, *Economie et mouvement syndical en Galice (1840-1911)*, Lille, Atelier National de Reprographie des Thèses, 1990, (1015 páxinas en tres microfichas), p. 227-235. Xan Moreno González, “A Primeira Internacional en Galicia (1868-1874)”, VV. AA., *O movemento obreiro en Galicia. Catro ensaios*, Vigo, Edicións Xerais, 1990, p. 21-110.

tabilizamos a totalidade do termo municipal. Os oficios ligados ao sector da construción (canteiros, carpinteiros, pintores, albaneis, peóns, etc.) eran os que concentraban a meirande parte da afiliación cenetista, seguidos polas actividades da industria pesqueira (pescadores, empacadoras, traballadores das fábricas de conservas e de salazóns, etc.) e polos oficios do sector dos servizos (camareiros, barbeiros, mozos de almacén, traballadores do comercio, profesionais liberais, etc.). Malia teren un peso menor no sindicalismo cenetista, cómpre tamén destacar os traballadores dos oficios do porto (estibadores, gabarreiros, chalaneiros, boteiros, etc.), aos da metalurxia, aos do téxtil, dos coiros e da pel, aos do transporte, aos da alimentación, aos da industria do tabaco e aos das artes gráficas⁶. O anarquismo foi arraigando desta maneira entre os traballadores, polo que foi habitual neses anos identificar esta ideoloxía coas clases populares⁷.

Como xa dixemos, os anarquistas procuraban un

⁶Oscar Freán Hernández, *El movimiento libertario en Galicia, 1910-1936*, Sada, Edicións do Castro, 2006, p. 155-157, 221.

⁷O anarquismo, por definición, non está limitado a unha clase social precisa. Así, é posíbel atopar burgueses libertarios, ou tamén un anarquismo bohemio entre as clases medias de artistas ou profesionais liberais. Nese ámbito da noite non é raro tampouco atopar persoas ás veces á marxe da lei e xente dos baixos fondos -prostitutas, delincuentes, mendigos, etc.- que frecuentaban ese mundo no que se mesturaban bohemios, delincuentes e anarquistas. Sobre o anarquismo e os baixos fondos cf. Federico Vázquez Osuna, *Anarquistas i baixos fons. Poder i criminalitat a Catalunya (1931-1944)*, Barcelona, L'Avenç, 2015 e Juan Albein Ross et al., *Fuera de la ley*.

ideal revolucionario de cambio social e económico profundo. O seu proxecto de sociedade estaba baseado na liberdade e na igualdade, tanto individuais coma colectivas. Defendían tamén a necesidade de superar calquera tipo de explotación e de dominación entre os seres humanos; eran ademais firmes partidarios do racionalismo e do laicismo. A súa confianza na ciencia era absoluta; ata o punto de que consideraban que o progreso, tanto técnico como social, estaba directamente ligado aos avances científicos e tecnolóxicos. Os anarquistas rexeitaban calquera tipo de autoridade, fora esta de tipo estatal, económica ou relixiosa. Neste último aspecto, podemos apuntar o forte carácter anticlerical que tiñan unha boa parte dos libertarios. A meta común de todos os anarquistas era alcanzar este mundo máis xusto, pero o modo de chegar a el podía diferir. Hai que lembrar que o movemento libertario non era homoxéneo, as estratexias e os obxectivos a curto e medio prazo eran distintos; o que creou non poucas fracturas e enfrontamentos no interior deste movemento.

En todos os casos, a crenza na revolución era absoluta. Na práctica cotiá, os anarquistas máis convencidos tentaban ser coherentes cos seus principios e organizar a súa vida ao xeito libertario. Isto non era doado nun contexto de produción capitalista que impuña unha se-

Hampa, anarquistas, bandoleros y apaches. Los bajos fondos en España (1900-1923), Madrid, La Felguera Editores, 2016.

rie de relacións de poder, de dominación, de influencia e de represión moi difíciles de superar. Porén, moitos dos protagonistas desta historia podían vivir nun ámbito fortemente marcado polos principios anarquistas. Canto máis forte e estruturado fose o movemento libertario dunha cidade, máis doado sería para os individuos socializar na cultura política libertaria e vivir, na medida do posíbel, á maneira anarquista. O caso da Coruña é un bo exemplo desta situación.

A sociabilidade libertaria

A rede social anarquista da Coruña podemos analízala en función de tres grandes espazos: o doméstico, o profesional e o recreativo-cultural. Estes espazos interactúan entre eles e atopamos lugares comúns para as actividades doméstica, recreativa, cultural ou profesional. O espazo doméstico corresponderíase cos sitios de habitación, tanto a casa como o barrio. O espazo profesional ocuparía principalmente o lugar de traballo. O espazo cultural e recreativo serían aqueles lugares onde se gozaba do tempo de lecer ou se realizaban actividades diferentes das domésticas e profesionais.

No espazo doméstico, o lugar de referencia era a casa. Pero no caso das vivendas populares hai que considerar tamén a rúa e o barrio, que viñan sendo unha

extensión natural das casas particulares. A rúa e o barrio son espazos de encontro, de relación e de socialización; de maneira especial nos barrios populares caracterizados no período estudado por unha apertura das casas ao exterior e por uns lazos de convivencia entre veciños moi fortes. O barrio de Monte Alto ou o da Gaiteira, por exemplo, eran representativos deste ámbito popular aberto, cos seus abundantes e colectivos patios de vivendas. A sociabilidade na rúa contribuía a crear unha identidade específica e a compartir uns valores morais, uns principios e uns hábitos comúns. Esta identidade non sería unicamente territorial –ligada ao barrio– ou de clase, senón tamén de tipo ideolóxico, en particular no caso en que os ámbitos domésticos funcionaban como espazos de socialización política. En moitos barrios populares da Coruña –Atochas, Monte Alto, Os Castros, etc.– a presenza de obreiros anarquistas ou anarcosindicalistas era moi forte, de maneira que non é difícil imaxinar a existencia entre boa parte da poboación dunha cultura política ben arraigada e duns principios e valores libertarios comúns.

As casas obreiras eran pequenas e modestas, contaban con poucas habitacións –ás veces só con unha– e adoitaban estar ocupadas por un número elevado de persoas. As condicións de vida eran difíciles e duras. Algunhas destas casas populares foran aparecendo pouco a pouco “ao longo dos camiños secundarios e nas

agras que rodeaban a cidade”⁸. Moitas rúas non tiñan os mínimos servizos básicos, sobre todo nas áreas da periferia da Cidade Vella e da Peixería. *La Voz de Galicia* denunciou mesmo esta situación nun artigo publicado en abril de 1931, no que precisaba xustamente a falta de urbanización, de luz, de limpeza e de pavimento das rúas do barrio das Atochas. Decía o xornalista que o cheiro neste barrio era insoportábel e que as familias vivían en casas nunhas condicións máis propias de animais que de persoas⁹.

Fronte á privacidade das vivendas burguesas, as casas populares son espazos que se prolongan cara ao exterior. Se o barrio burgués é pechado, o barrio obreiro é aberto e plural. Un exemplo interesante é o que nos ofrece Emilia Pardo Bazán nunha descrición un tanto idealizada que realizou na súa novela *La Tribuna* das casas do barrio de Santa Lucía, indicando xustamente esta vida colectiva do barrio:

“Vivía el barrio entero en la calle, por poco que el tiempo estuviese apacible y la temperatura benigna. Ventanas y puertas se abrían de par en par, como diciendo que donde no hay no importa que entren ladro-

⁸Xosé Luis Martínez Suárez, “Transformacións urbanísticas na Coruña (1868-1936)”, *El republicanismo coruñés...*, p. 17.

⁹“Cómo viven numerosas familias en lugares insalubres”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, nº15.943, 2 de abril de 1931, p. 7.

nes (...) Todas las excrecencias de la vida, los prosaicos menesteres que en los barrios opulentos se cumplen a sombra de tejado, salían allí a la luz y vistas del público (...) y, no obstante, el barrio no era triste; (...) el paso de los coches lo alborotaba; los chiquillos, piando como gorriones, le prestaban por momentos singular animación; apenas había casa sin jaula de codorniz o jilguero (...); y no bien lucía el sol, las barricadas de sardinas arenques, arrimadas a la pared y descubiertas, brillaban como gigantesca rueda de plata. Tampoco faltaban allí comercios que (...) se acomodaban a la pobreza de la barriada (...) Todo se compraba de fiado (...). Reinaba en el barrio cierta confianza, una especie de compadrazgo perpetuo, un comunismo amigable: de casa a casa se pedían prestados no solamente enseres y utensilios sino “una sed” de agua, “una nuez” de manteca, “un chiquito” de aceite, “una lágrima” de leche, “una nadita” de petróleo”¹⁰.

Os barrios obreiros e populares eran lugares de sociabilidade primaria nos que os lazos de parentesco, amizade, veciñanza e mesmo de namoro eran moi importantes; neles establecéronse “densas redes sociais” que estimularon a “cohesión interna” dos mesmos¹¹.

¹⁰A novela está ambientada na imaxinaria localidade de Marineda que non é outra que a propia cidade da Coruña. Emilia Pardo Bazán, *La Tribuna*, Madrid, Cátedra, 1982, p. 213-215 [O orixinal da obra é de 1882].

¹¹José Luis Oyón, La quiebra de la ciudad popular. *Espacio urbano, inmi-*

A axuda mutua e outras prácticas sociais teñen como base este ámbito doméstico. Facer un seguimento das relacións establecidas e da práctica da sociabilidade nos barrios na época anterior á guerra civil é especialmente complexo, se ben as memorias dalgúns habitantes destes espazos nos indican a importancia do contacto cotián no proceso de identificación cuns principios e valores determinados e de adquisición dunha cultura política precisa. Un exemplo interesante é o dun panadeiro chamado Luís “o Carral” que traballaba no barrio da Silva e compartía cos seus veciños e amigos as súas preocupacións sociais e o seu activismo sindical:

“O Luís, aínda na soltaría, encadrara cos veciños da Silva as súas inxedanzas. Lector de libros e revistas, andaba no sindicalismo en compañía de moitos compañeiros de barrio e mozarriño. Con eles formábase na lectura e nas loitas do día a día”¹².

No ámbito doméstico víanse dunha maneira clara

gración y anarquismo en la Barcelona de entreguerras, 1914-1936, Barcelona, Ediciones del Serbal, 2008, en especial o capítulo sexto adicado á comunidade de barrio. Este traballo de José Luis Oyón é unha análise moi detallada da cidade de Barcelona. Nós adoptamos algunha das súas reflexións e conclusións ao caso coruñés, pero cumpriría desenvolver un estudo profundo do desenvolvemento urbano e das características poboacionais da cidade da Coruña.

¹²Antón Patiño Regueira, *Memoria de ferro*, Vigo, A Nosa Terra-Promocións Culturais Galegas, 2005, p. 76.

as diferenzas de clase con respecto aos burgueses, tanto nos servizos urbanos como nos lugares de habitación. A miseria e pobreza sufridas polos traballadores confrontabábase á comodidade e mesmo o luxo das clases altas. Iso contribuía a crear ou a reforzar a identidade de clase e o sentimento de desequilibrio social e de inxustiza económica producidos polo sistema capitalista. A sociabilidade no barrio era fundamentalmente de tipo informal, raramente se organizaba dun xeito estruturado en forma de asociación. Porén, contamos coa existencia en torno ao ano 1910 dunha sociedade de inquilinos chamada “Higiene y Economía”, de orientación anarquista, que tiña como finalidade a defensa dos arrendatarios fronte aos posibles abusos dos propietarios das vivendas¹³.

No que respecta ao ámbito laboral, a presenza libertaria exprésase principalmente por medio das organizacións sindicais. Xa vimos nas páxinas anteriores algunhas cifras de afiliación aos sindicatos da CNT que nos amosaban a forza do anarcosindicalismo na cidade da Coruña e na súa periferia urbana. Dende os anos noventa do século XIX, o movemento obreiro de orien-

¹³A referencia a esta sociedade aparece nunha lista de asociacións libertarias publicada na contratapa interior dunha obra de Ricardo Mella publicada na Coruña pola Biblioteca La Internacional, cf. Ricardo Mella, *Plumazos*. Colección de artigos publicados en diferentes periódicos y revistas de España y del extranjero, A Coruña, Biblioteca La Internacional, 1911.

tación libertaria foi especialmente importante, e nas décadas seguintes as organizacións obreiras coruñesas fóronse decantando polo sindicalismo revolucionario e o anarcosindicalismo, seguindo así a liña do movemento obreiro libertario estruturado arredor da CNT. Esta central sindical constituíuse no ano 1910, aínda que haberá que esperar ata a segunda metade desa década para ver un sindicalismo libertario ben estruturado e cunha afiliación elevada. No congreso que a CNT celebrou en Madrid en decembro do ano 1919, o número de traballadores representados situábase por riba dos 750.000¹⁴. Desa cifra, 6.091 integraban os sindicatos da cidade de Coruña. Os sindicatos coruñeses incrementaron a súa afiliación ata os 6.369 en xuño de 1931 e os 10.171 en agosto de 1932, descendendo lixeiramente ata os 9.685 en maio de 1936¹⁵.

É neste ámbito profesional onde se producía o contacto máis directo entre o traballador e o sindicato. Era

¹⁴699.369 traballadores federados e 54.732 non federados á CNT. Cf. Confederación Nacional del Trabajo, *Memoria del Congreso celebrado en el Teatro de la Comedia de Madrid, los días 10 al 18 de diciembre de 1919*, Barcelona, Tipografía Cosmos, 1932.

¹⁵As cifras son aproximadas ao seren datos de representación en diferentes congresos e plenos confederais. Cf. Confederación Nacional del Trabajo, *Memoria del Congreso Extraordinario celebrado en Madrid los días 11 al 16 de junio de 1931*, Barcelona, Tipografía Cosmos, 1932; *Solidaridad Obrera*, A Coruña, n°87, 3 de setembro de 1932, p. 7 e *Solidaridad Obrera*, Barcelona, n°1267, 5 de maio de 1936, p. 3.

aí onde se falaba dos problemas laborais, das condicións de traballo, dos salarios, das horas de traballo, etc. O contacto cos compañeiros, o intercambio de ideas, as conversas sobre os seus problemas e necesidades cotiáns facilitaban a identificación coa xente da súa mesma clase e condición. Un exemplo da sociabilidade profesional ofrécenola Emilio González López nas súas memorias cando fala dos gabarreiros da Baña e de Suevos:

“Las casetas de los gabarreros eran el único punto de reunión, fuera de las tabernas, no sólo (...) para los gabarreros sino para cuantos trabajaban en el puerto, entre ellos mi abuelo y mi padre (...). Para mi las casetas de los gabarreros, más la de Baña que la de Suevos, fueron como una ventana abierta al mundo del mar, no al mundo del mar de la bahía coruñesa (...) sino al de todos los mares y océanos por los que habían navegado la mayor parte de los que allí se reunían. Desfilaban por sus conversaciones todos los principales puertos de los cinco continentes, desde Nueva York a Barcelona (...). Eran una valiosa fuente de conocimiento de la vida, de la vida unida al mar; una fuente de conocimiento de amplias perspectivas, más viva que la que desfila por la mayor parte de las páginas de los libros. Eran como relatos de aventuras de modernos Simbad, el marino. Yo, que amaba el mar (...), el de la costa en que nací y me crié, lo veía ahora a través de estos relatos en la inmensidad y

lejanía de los mares y océanos¹⁶.”

Habitualmente, era neste ámbito profesional onde os traballadores daban o primeiro paso cara á militancia sindical. Un espazo de socialización política no que o sindicato e os líderes do mesmo –no caso de existir un sindicato– funcionaban como un mecanismo de ideoloxización, de toma de conciencia, de compromiso e de identificación cara uns principios e valores definidos. No caso que nos ocupa, a forte presenza cenetista no conxunto de oficios da cidade favorecía unha doada identificación cos principios do anarcosindicalismo e do anarquismo.

Á parte da afiliación sindical, un dos indicios que nos permite coñecer o poder de mobilización do obreirismo coruñés é o da conflictividade. É interesante neste senso a capacidade que tiña a Federación Local Obreira para paralizar a actividade da cidade por medio das folgas. Esta dinámica de folgas foi especialmente intensa durante os anos da Segunda República, momento no que foron promovidas ate sete folgas xerais –algunha delas de varios días de duración– e se participou activamente na insurrección revolucionaria que os anarquistas promoveron no conxunto do Estado español en decembro

¹⁶Emilio González López, *Memorias de un estudiante liberal* (1903-1931), Sada, Edicións do Castro, 1987, p. 41.

de 1933¹⁷.

Paralelamente á actividade sindical profesional, unha parte importante dos militantes libertarios máis activos e dinámicos participaron tamén nos grupos anarquistas. Estes grupos estaban constituídos por un número pequeno de persoas, en torno á decena ou á ducia, e o seu obxectivo era ter un marco reducido de sociabilidade e de reflexión política. A función do grupo era a de contribuír ao desenvolvemento das ideas anarquistas por medio da propaganda. Entre 1910 e 1936 houbo na Coruña uns 35 grupos anarquistas; a súa existencia foi bastante homoxénea ao longo deste período, contando unha vintena de grupos nos anos dez e unha quince na nos anos trinta. Os nomes destes grupos —a grande maioría en español— tentaban amosar o ideal ácrata que guiaba politicamente estes militantes: “La destrucción”,

¹⁷Esta tentativa de insurrección foi a resposta dos anarquistas á victoria das dereitas nas eleccións lexislativas. O movemento comezou o 8 de decembro e foi seguido de maneira desigual no conxunto do Estado español ata o 13 do mesmo mes. Na Galiza a folga revolucionaria foi seguida en diferentes localidades das provincias da Coruña e de Pontevedra. Na cidade da Coruña houbo varias explosións e os anarquistas se enfrontaron ás forzas de policía en Santa Margarida, Elviña e no Burgo. Especialmente salientábel foi o intento de proclamar o comunismo libertario en Oleiros; aquí un grupo armado dunhas cen persoas asaltou a Casa do Concello e o cuartel da Garda Civil, provocando un enfrontamento coas forzas policiaais. Unha síntese da tentativa no conxunto do Estado en Julián Casanova, *De la calle al frente. El anarcosindicalismo en España (1931-1939)*, Barcelona, Crítica, 1997, p. 118-123. Sobre o movemento na Galiza cf. Óscar Freán Hernández, *El movimiento libertario en Galicia...*, p. 128-130.

“Ni dios ni amo”, “Humanidad Libre”, “Germinal”, “El Sol de la Libertad”, “Solidaridad Internacional”, “Floreal”, “Hacia la cumbre”, “Redención”, “Aurora Roja”, “Amanecer Anárquico”, “Los Excomulgados”, etc. Unha excepción no caso da lingua foi a dos grupos “Os Inadaptáveis” ou “Os intransigentes”, que utilizan o portugués porque agrupaban a militantes portuguesas exiliados¹⁸.

No ámbito cultural e educativo, os libertarios coruñeses traballaron arreo para crear unha rede local de escolas e centros de instrución. A promoción da cultura, no seu senso máis amplo, foi un dos obxectivos fundamentais dos anarquistas. Nos seus centros culturais e pedagóxicos, a educación racionalista era a referencia. Por medio dela se pretendía liberar o ser humano, conseguir persoas autónomas, capaces de pensar por si mesmas e libres de atavismos culturais ou relixiosos. Neste ámbito da cultura os libertarios coincidiron con republicanos, masóns e librepensadores, ata o punto de pór en marcha iniciativas comúns¹⁹. Esta coincidencia non era estraña, pois estes grupos compartían unha serie

¹⁸Sobre os grupos coruñeses cf. Óscar Freán Hernández, *El movimiento libertario en Galicia...*, p. 23-40, 215-217. A referencia dos grupos de portuguesas en Antonio Elorza, “*La CNT bajo la dictadura (II)*”, *Revista de Trabajo*, nº44-45, 1973-1974, p. 452-453.

¹⁹Sobre a masonería na Coruña cf. Alberto Valín Fernández, *La Masonería y A Coruña*. Introducción a la historia de la masonería gallega, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1984.

de valores morais e de principios que os facían conver-xer no campo das ideas. Desta maneira, as dúas inicia-tivas pedagóxico-culturais máis arraigadas na Coruña do primeiro terzo do século XX –a “Antorcha Galaica del Librepensamiento” e o Centro de Estudos Sociais “Germinal”– responden a este modelo plural de laicis-mo e librepensamento. Estas dúas institucións tiveron unha longa traxectoria na historia da cidade. A primeira foi fundada en 1897 e a segunda un pouco máis tarde, no 1902, e as actividades das dúas prolongáronse ata o inicio da represión franquista no verán de 1936. Coin-cidían a “Antorcha” e “Germinal” na súa finalidade de promoción da educación e da cultura e desenvolveron diferentes iniciativas pedagóxicas e culturais para ache-gar a ciencia e o coñecemento ás clases populares. Entre elas podemos citar a creación de escolas e de bibliotecas, a organización de cursos, conferencias, representacións de teatro, etc. Todo elo respectando o seu carácter laico e popular. Non eran centros exclusivamente anarquis-tas, pero nas directivas das dúas entidades atopamos a participación de libertarios locais.

Non foron os únicos centros culturais, pois os anar-quistas puxeron en marcha varios proxectos deste tipo. Podemos citar así seis entidades que foron constituídas na cidade e oito máis nas parroquias dos arrabaldes. Na cidade da Coruña, amais do Centro de Estudos Sociais “Germinal”, existiron o Ateneo Libertario “Nueva

Era”, o Centro de Estudos Sociais “Liberación”, o Centro Cultural “La Energía” e o Centro de Estudos Sociais da rúa Pi i Margall que probablemente tamén fose libertario. A eles habería que sumar o Centro de Estudos Sociais “Resplandor en el Abismo”, fundado inicialmente na parroquia da Silva a comezos dos anos trinta, pero que se trasladou ao centro da cidade uns anos máis tarde. Nas parroquias do concello existiron tamén o Centro Cultural “La Antorcha Social” en Feáns, o Centro de Estudos Sociais “Luz y Vida” en Elviña, o Centro de Estudos Sociais “Hacia el Progreso” en San Cristovo das Viñas, o Centro Cultural de San Roque de Afora, o Centro de Estudos Sociais de San Pedro de Visma, o Centro Cultural “El Derecho Humano” en Mesoiro, o Centro de Estudos Sociais “Despertar a la Vida” en Río de Quintas e o Centro de Estudos Sociais “Espartaco” en Eirís. Agás o centro “Germinal”, os outros centros foron constituídos durante os anos trinta, desenvolvendo a súa actividade no período republicano.

No caso das escolas, a súa existencia está constatada dende os anos do cambio de século. Así, a “Antorcha Galaica del Librepensamiento” sostivo dende a súa orixe unha escola racionalista que perdurou ata os anos dez. Tiña os seus locais no número 37 da rúa Socorro e funcionou ata 1909, sendo pechada polas autoridades con motivo da represión desatada após a Semana Tráxica de Barcelona. Por esa razón, e para sortear a repre-

sión, a escola cambiou de nome e pasou a chamarse Colexio Laico Fröebel²⁰. Entre os seus mestres destacaba a figura do anarquista Constancio Romeo Lasarte, aínda que tamén traballaron neses centros os mestres Emilio Barcala del Pino e Juan Martín Monasterio. En 1910 foi fundada tamén unha Escola Integral para nenas. Estaba situada no segundo andar do número 42 da rúa do Orzán e estaba dirixida pola mestra Luisa Elizalde Vellido²¹. En 1911, no barrio dos Castros foi constituída outra escola racionalista que mantivo a súa actividade ata 1915; nese ano cambia de nome para chamarse Colexio “La Luz”. Nos dous casos, o seu profesor era Joaquín Patricio Patiño e sabemos que o local do colexio “La Luz” estaba no número 54 da estrada da Pasaxe²². Nos anos vinte e trinta houbo diferentes proxectos para organizar escolas, pero os resultados foron máis ben pobres. Unicamente podemos citar unha escola sostida polo sindicato “El Despertar Marítimo” entre 1922 e 1923 e outra que dirixía o mestre Luís Pérez Amil no barrio de Santa Lucía²³.

²⁰Alberto Valín Fernández, *Laicismo, educación y represión en la España del siglo XX*. (Ourense, 1909-1936/39), Sada, Edicións do Castro, 1993, p. 199.

²¹Constancio Romeo e Luisa Elizalde eran parella.

²²É moi probable que a escola constituída en 1911 ocupase os mesmos locais.

²³A referencia da escola de Santa Lucía en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia (séculos IV-XX)*. Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo, Vigo, Edicións Xerais de

Relacionado coa cultura e coa formación, tamén podemos falar do tempo de lecer, pois os libertarios tamén quixeron crear un lecer digno e rico para afastar os traballadores daqueles espazos, como a taberna, que consideraban un lugar de perdición física, moral e económica. As organizacións de lecer tamén terían unha función cultural e de concienciación política. Entre as iniciativas desenvolvidas podemos falar da creación de grupos de teatro, a organización de concertos, de serás literarios ou de representacións teatrais. Podemos citar así o grupo de declamación do Centro “Germinal” e a agrupación teatral “Apolo”, constituída a finais de 1935. Tamén o deporte tivo unha certa aceptación, fundando os anarquistas coruñeses os equipos de fútbol “CNT” e “Batabay”, así como o clube de atletismo “Albatros”²⁴.

No caso das sesións musicais, podemos citar por exemplo o concerto organizado polos sindicalistas da cidade en maio de 1934, no que a Filarmónica da Coruña interpretou a séptima sinfonía de Beethoven, unha serenata de Mozart e dúas pezas de Mendelssohn e de Corelli respectivamente. Porén, semella que a música

Galicia, 2004, p. 968.

²⁴Sobre os grupos de teatro cf. Óscar Freán Hernández, « La creación de una identidad colectiva: sociabilidad y vida cotidiana en la clase obrera gallega », Alberto Valín (dir.), *La sociabilidad en la historia contemporánea*. Reflexiones teóricas y ejercicios de análisis, Ourense, Duen de Bux, 2001, p. 123-152. No relativo aos clubes deportivos cf. Dionisio Pereira, *A CNT na Galicia, 1922-1936*, Santiago de Compostela, Laidvento, 1994, p. 108.

tradicional galega tiña máis éxito entre o público, pois contamos varios exemplos de sesións deste tipo organizadas polos libertarios coruñeses na primavera e no verán de 1933. O primeiro foi un festival coa actuación da agrupación musical “Follas Novas” –interpretando Meus Amores; Recordos, alalá e muiñeira; Alalá de Chantada; A Marola; Lonxe da Terriña e O quen que lle quer– da coral polifónica “El Eco” –coas pezas El Romeral; Jota de Olm; Sardana das Monxas; Teus Ollos e Negra Sombra– e doutro grupo que interpretou a peza de teatro en verso Barro y Cristal. Outra sesión, titulada “Gran Festival de Arte Galego”, foi organizada para recadar fondos para a construción da casa sindical e contou coa participación dos grupos “Toxos e Froles” de Ferrol, de “Cantigas d’A Terra” da Coruña, de “Frores e Silveiras” de Lugo, de “Follas Novas” da Coruña e dun grupo de danza de Marín. Noutro caso, atopamos ao grupo galego Cantigas d’A Terra compartindo escenario con corais de Aragón e de Valencia²⁵. A predilección pola música galega parece clara, o que non resulta estraño se temos en conta que o público ao que ían dirixidos estes espectáculos era de orixe obreira e popular, maioritariamente galegofalante e moi achega-

²⁵As referencias en *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº 115, 25 de marzo de 1933, p. 3; *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº 129, 1 de julio de 1933, p. 3 e *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº 165, 7 de julio de 1934, p. 1, respectivamente.

do á cultura e ás tradicións do país²⁶.

Entre as actividades de lecer tamén podemos destacar a práctica do excursionismo e das xiras, que incluían non só a marcha senón tamén comida, cantos, bailes, visitas a lugares de interese, etc. Un exemplo de excursión témolo na visita que o Centro de Estudos Sociais “Germinal” organizou no verán de 1935 para visitar o Certame do Traballo que se estaba realizando en Ferrol. Os coruñeses tamén recibían visitas de excursionistas doutros lugares da Galiza, como a organizada polo Ateneo de Divulgación Social de Vilagarcía de Arousa que, con membros do Centro “Germinal”, percorreron varios locais das organizacións obreiras da Coruña. Tamén o Ateneo “Humanidad Libre” e a Escola racionalista de Lugo fixeron unha excursión á Coruña na primavera de 1936 na que visitaron o cemiterio para facer unha ofrenda floral nas tumbas de varios compañeiros anarquistas e escoitar un discurso; comeron no parque Dam, visitaron un vapor no porto e asistiron a unha proxección de “películas instrutivas para os pequenos e futuros camaradas” antes de escoitar a charla dun profesor racionalista e as palabras dun sindicalista da Federación

²⁶No que atinxe á lingua, hai que dicir que a meirande parte dos simpatizantes e militantes do movemento anarquista eran galegofalantes na súa vida cotiá; aínda que os escritos que deixaron en forma de xornais, documentos e outras publicacións están escritos, agás contadas excepcións, en lingua española.

Local coruñesa²⁷.

Pola súa parte, as xiras eran excursións ao campo ou á praia, cun carácter festivo propio das romarías tradicionais do país. De feito, podemos dicir que eran unha especie de romaría laica e militante. Podemos citar como exemplo a xira a Santa Cruz de Oleiros organizada no verán de 1933 polo grupo anarquista coruñés “Vanguardia Femenina” en beneficio dos presos sociais. O traslado fíxose por mar en lanchas, grazas aos boteiros de Santa Cruz. Cando chegaron, os compañeiros de Oleiros os estaban agardando para ir todos xuntos a un souto no que comeron. Na comida non faltou a música de dúas rondallas e de dous bandoneóns que amenizaron o baile, cantándose tamén “cancións proletarias”. Pola tarde, houbo tamén unha serie de charlas; e durante todo o día as compañeiras que organizaban o acto fixeron unha colecta a favor dos presos, colocando o lazo negro e vermello da FAI a todos aqueles que contribuían solidariamente²⁸.

No ámbito da cultura, non podemos deixar de citar o interese dos anarquistas polos libros e pola lectura. An-

²⁷As referencias en *Solidaridad*, *A Coruña*, nº 44, 25 de abril de 1936, p. 1; *Solidaridad*, *A Coruña*, nº 7, 10 de agosto de 1935, p. 3 e *Solidaridad*, *A Coruña*, nº 44, 25 de abril de 1936, p. 1, respectivamente.

²⁸*Solidaridad Obrera*, *A Coruña*, nº 136, 19 de agosto de 1933, p. 2-3.

siosos por ampliar o seu saber e a súa cultura, a organización de bibliotecas e a publicación de libros e folletos foron dúas das súas prioridades máis importantes. Tanto as temáticas como os autores lidos polos libertarios eran diversos, pois en xeral non se limitaban a lecturas ideoloxicamente orientadas cara ao ideario anarquista. Eran libros vivos que pasaban de man en man entre aqueles homes e mulleres ávidos de cultura e de ideas de liberación.

Evidentemente, o interese polos autores libertarios ou próximos do movemento libertario era dominante, pero non era un impedimento para ler ensaio ou literatura de autoría variada. Sen dúbida algunha, cómpre destacar o papel do Centro de Estudos Sociais “Germinal”, que nos anos trinta puña á disposición dos seus socios unha biblioteca duns 8.000 títulos. Nela, os autores anarquistas como Bakunin, Kropotkin, Réclus ou Mella compartían espazo con Victor Hugo, Galdós, Pardo Bazán ou Lope de Vega, por citar só algúns exemplos²⁹.

Outros grupos, centros e sindicatos crearon igualmente bibliotecas para facilitar o acceso á lectura aos seus afiliados. Pero os libertarios non se limitaron á organización de bibliotecas; tamén levaron a cabo un

²⁹Carlos Pereira Martínez e Ana Romero Masiá, *Germinal. Centro de Estudos Sociais* (Cultura Obreira na Coruña, 1902-1936), Betanzos, Briga Edicións, 2003, p. 45.

traballo de edición de coleccións de prensa, libros e folletos. No que respecta aos libros e folletos, foron varias as iniciativas editoriais dos anarquistas coruñeses; entre elas a Biblioteca “El Corsario” entre 1896 e 1897, a Biblioteca “El Sol” nos primeiros anos do século XX, as Bibliotecas “Juventud Libertaria” e “Germinal” en 1905, ou as Bibliotecas “La Internacional” e “Aurora” nos anos dez do mesmo século. Publicáronse así neses anos traballos dos anarquistas galegos Ricardo Mella, Marcial Lores, José Sanjurjo ou José Suárez Duque, e tamén de foráneos como Juan Montseny, José Prat, Anselmo Lorenzo, Pedro Esteve, Mihail Bakunin, Piotr Kropotkin, Enrico Malatesta, Pietro Gori, Leon Tolstoi ou Elisée Réclus entre outros³⁰.

A partir do verán de 1936, a rica biblioteca de “Germinal” sufriu a represión, sendo saqueada e queimados os seus libros na rúa polos falanxistas e franquistas locais; amosando desta maneira non só a súa falta de sensibilidade senón tamén a súas ansias de matar a cultura contida nas páxinas escritas naquelas 8.000 obras. Como unha Inquisición do século XX, para os fascistas sublevados non era suficiente acabar coa vida das per-

³⁰Oscar Freán Hernández, “*Literatura popular e cultura obreira. As iniciativas editoriais libertarias na Galicia de entreséculos (1893-1918)*”, Xesús Balboa López e Herminia Pernas Oroza (eds.), *Entre nós. Estudos de Arte, Xeografía e Historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pousa Antelo*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2001, p. 627-640.

soas opostas aos seus intereses, quixeron tamén matar as súas ideas, os seus principios e os seus valores.

A contrasociedade libertaria

Como acabamos de ver, na Coruña existía unha densa rede asociativa ligada ao movemento libertario, así como uns espazos e unhas prácticas de sociabilidade nos que se movía a poboación de orixe popular e traballadora. A presenza dos anarquistas neses ámbitos era verdadeiramente importante. Se esta estrutura existía, era porque había unha serie de militantes que a mantiñan en funcionamento e tamén porque un potencial de persoas participaban nas diversas actividades organizadas. O número de militantes da CNT e a capacidade de mobilización do movemento obreiro anarcosindicalista amósannos o arraigo libertario que existía na cidade e na súa contorna. Sería entón posíbel falar da existencia na Coruña dun marco de contrasociedade libertaria sólido, estábel e con capacidade de desenvolvemento?

Era esta rede asociativa o suficientemente forte como para avanzar nun proxecto de transformación social e económica de acordo cos principios anarquistas? Dito doutro modo, era posíbel na Coruña deses anos vivir á maneira anarquista e moverse de forma cotiá nun medio completamente libertario? E, dende unha perspectiva económica, tiñan os sindicatos da CNT coruñesa a capacidade para asumir o control da actividade produtiva local e levar a cabo un proceso de autoxestión sindical como o que se viviu en Barcelona no verán de 1936?

Para procurar unhas respostas a estas cuestións, imos repasar os distintos ámbitos habituais da sociabilidade libertaria na Coruña de finais do século XIX ata 1936. Nos espazos domésticos podemos distinguir así entre a familia proletaria e o barrio. No primeiro caso temos que salientar o papel da familia na transmisión de ideoloxía e de valores. Esta transmisión pode ser realizada polos pais, os tíos ou irmáns maiores xa ideoloxizados; e tamén pode producirse ao constatar os individuos o contexto de precariedade e de necesidade que se vivía, normalmente, no ámbito familiar. Dunha ou doutra maneira, os nenos irían así apprehendendo dende pequenos a problemática social na que vivían, recibindo as opinións e as ideoloxías materna e paterna —non sempre coincidentes— e sufrindo directamente os problemas derivados da súa condición e do seu entorno social: necesidade, miseria, folgas, reunións, asembleas,

manifestacións, etc. Os fillos dos traballadores eran, de feito, os herdeiros da ideoloxía dos seus pais, recibindo na familia e no ámbito doméstico as súas primeiras noções de identidade social.

Evidentemente, esta transmisión é un proceso moito máis complexo e non sempre hai unha correspondencia entre a ideoloxía paterna e a filial³¹. Así e todo, temos bastantes casos de membros dunha mesma familia participando en organizacións ou en iniciativas do movemento libertario local. Podemos citar a modo de exemplo a José Moreno Bello e ao seu fillo José Moreno Torres. O primeiro foi un dos membros fundadores do Centro de Estudos Sociais “Germinal” e dirixente da libertaria Unión Campesina nos anos dez. O seu fillo foi un dos líderes do anarcosindicalismo coruñés dos anos trinta, chegando a ostentar a responsabilidade de secretario xeral da rexional galega da CNT en 1933. Tamén podemos citar a Manuel Montes, activo militante da CNT no sector pesqueiro, e aos seus fillos Carlos e Antolín, membros os dous das Xuventudes Libertarias. Outro caso é o do militante anarcosindicalista no sindicato do calzado Joaquín Otero Castro e dos seus fillos Aurora, Eugenio e Joaquín; a primeira sindicalista no sector do tabaco, e os outros dous no sector do calzado

³¹É o caso de Emilio González López do que falamos antes, a súa familia era libertaria pero el militou no republicanismo de esquerdas.

—como o seu pai— e nos Comités Pro-Presos³². Outros exemplos serían o do canteiro cenetista José Brandariz Ramos e o seu fillo Elisardo Brandariz Souto membro das Xuventudes Libertarias ou o dos irmáns José e Elisa Vázquez Rozas. A sociabilidade militante facilitaba tamén a formación de parellas entre anarquistas, como a formada por Alicia Dorado Viso e Julio Acevedo Veiga, ambos os dous militantes da CNT; ou a de Francisco Ballón Pequeño e Sebastiana Vitales, o primeiro militante cenetista, socio de “Germinal” e membro do grupo anarquista “Los Iconoclastas”, a segunda, líder anarquista e membro do grupo “Vanguardia Femenina”³³.

Os anarquistas máis conscientes tiñan un forte carácter contestatario e rexeitaban os convencionalismos sociais non acordes aos seus principios. Así, podían non bautizar os seus fillos e darlles nomes anarquistas, facer enterros civís, rexeitar os castigos corporais aos nenos, non frecuentar a taberna, non utilizar o xogo como divertimento, etc. Estas regras morais non son exclusivas dos anarquistas, pero é certo que os máis convencidos

³² Algunhas das referencias citadas en Eliseo Fernández e Dionisio Pereira, *O anarquismo na Galiza*. Apuntes para unha enciclopedia, Santiago de Compostela, Edicións Positivas, 2004, p. 176, 178, 185-186.

³³ Unhas breves notas biográficas destas persoas na web da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña : <http://memoriadacoruna.com/> [consultada o 20 de xaneiro de 2017].

deles compartían estes valores e procuraban levalos á práctica. Por citar algúns exemplos, atopamos o do líder anarcosindicalista José Villaverde, que lles deu os nomes de Nieves Libertad, Fraternidad e Mar y Luz ás súas fillas. Á parte dos militantes máis convencidos, podemos citar tamén o caso dunha parella en Santa María de Oza, Elvira Iglesias e Ricardo Vázquez, que inscribiron a súa filla no Rexistro Civil co nome de Armonía³⁴.

O barrio foi un dos espazos de convivencia e de sociabilidade máis habitual. No período que estamos tratando, a segregación social por barrios era especialmente evidente, sendo os barrios populares o lugar de encontro e de relación entre veciños cunhas características sociais e económicas comúns. Amais, como xa apuntamos, as vivendas nestes barrios eran lugares abertos ao exterior, o que facilitaba enormemente o contacto coa xente do barrio. Isto non quere dicir que poidamos cualificar os barrios da Coruña de anarquistas, pois a poboación dos mesmos non era ideoloxicamente homoxénea. Porén, a forte presenza de militantes e de organizacións libertarias nestes barrios convertíao facilmente nuns lugares de influencia considerábel da ideoloxía anarquista, nos que se podía sentir dun xeito máis forte o latexar dunha transformación social revolucionaria que se adivinaba preta. O barrio sería pois

³⁴Este último exemplo en *Tierra y Libertad*, Barcelona, nº18, 22 de xuño de 1910, p. 4

un espazo de acción social militante complementario da loita sindical. O pouco interese prestado polas autoridades locais a este tipo de barrios –vímolo nas páxinas anteriores no abandono das Atochas– podería mesmo facilitar que o activismo social substituíse en boa medida a inacción das institucións locais.

No ámbito laboral, o sindicato non actuaría só como unha organización de carácter reivindicativo, senón tamén como entidade de unión, de encontro e de identificación ideolóxica. Sería, de feito, o organismo central e máis representativo do asociacionismo libertario, tanto polo número de sindicatos existente como polo de traballadores afiliados. En moitas ocasións, o sindicato era tamén o medio para os traballadores se introduciren no movemento asociativo anarquista.

O papel do sindicato sería dobre en función dos seus obxectivos a curto e a medio prazo. Os primeiros obxectivos eran a defensa dos intereses dos asalariados por medio das reivindicacións de aumento de salario, de redución da xornada laboral ou de melloras nas condicións profesionais. Estes obxectivos básicos do sindicalismo eran, na práctica, o primeiro elemento de atracción do traballador non consciente cara o movemento libertario. Os segundos obxectivos serían a destrución do sistema capitalista e a construción dunha nova sociedade cun modelo económico e social de tipo comunista

libertario. Identificarse con estes segundos obxectivos amosa xa un máis grande compromiso e unha ideoloxización política máis forte. No caso da Coruña, a elevada taxa de afiliación aos sindicatos anarcosindicalistas e o abrumador dominio da CNT no sindicalismo local amósannos a existencia na cidade dun sólido proxecto sindicalista libertario ben inserto na colectividade de traballadores e na actividade produtiva local.

No que atinxe ás cuestións organizativas, a ambición do sindicalismo cenetista foi a disposición dun edificio que lle permitise agrupar o conxunto dos sindicatos da cidade, pois ata os anos trinta, os locais dos sindicatos da federación local da CNT estaban espallados polas rúas Federico Tapia, Cordelería e Torreiro. Dende 1914 tiñan o proxecto de construír unha casa sindical, pero os fondos económicos dispoñíbeis eran insuficientes e as necesidades urxentes do movemento obreiro da cidade obrigaron a aprazar este proxecto varios anos. No ano 1931, a Federación Local Obreira pediu ás autoridades a cesión do convento dos xesuítas. A resposta foi negativa, pero un tempo máis tarde o concello cedoulles un predio —que máis tarde comprarían— para construír a casa sindical. O dispor dun espazo deste tipo contribuía a reforzar os lazos no colectivo obreiro e a facilitar a actividade de militantes e simpatizantes; pois as casas sindicais desta época desbordaban o seu rol de espazo de reunión sindical para converterse, de feito, en espazos

multiusos para a celebración de conferencias, cursos, reunións, espectáculos, etc.

No que respecta ao ensino e ao lecer, hai que dicir que non era doado vivir nun ambiente anarquista. En primeiro lugar pola escaseza de escolas racionalistas, mesmo en períodos propicios como o da II República; en segundo lugar polo elevado número de familias que, teoricamente, poderían querer enviar os seus fillos a este tipo de escolas se tomamos como referencia a base social do movemento libertario. Temos que engadir a isto a capacidade económica das familias para enviar os seus nenos á escola, algo que non sempre era posíbel. Para facérmonos unha idea do interese por esta clase de iniciativas de tipo pedagóxico, así como da súa inserción e influencia na sociedade coruñesa, podemos apuntar o número de alumnos matriculados nalgunha destas escolas. Temos, nese sentido, uns datos interesantes da escola laica promovida pola “Antorcha Galaica del Libre pensamiento”, que no curso 1907-1908 contaba 147 alumnos; descendendo lixeiramente no curso seguinte ata situarse nos 115³⁵.

Moito máis doado resultaba participar nas diferentes actividades culturais e de lecer organizadas polos libertarios. A oferta neste ámbito era variada. Se comezamos

³⁵Arquivo Histórico e Universitario de Santiago de Compostela, Serie Histórica, atado 460.

pola sociabilidade informal, atopamos diferentes espazos como a rúa, o barrio, a taberna ou o café no que se establecían lazos de relación e de comunicación cotiáns. Aínda que estes espazos non son exclusivamente libertarios, non podemos obviar que os anarquistas ou os afiliados ás organizacións libertarias —en especial á CNT— coincidían habitualmente neste tipo de lugares, compartindo entre compañeiros un café, un viño ou un paseo, aproveitando así para conversar e compartir experiencias, ideas e soños. Tamén as praias servían como espazo de lecer, e mesmo no bo tempo eran o lugar para a práctica do baño, e mesmo do nudismo, como era o caso da praia da Torre³⁶.

Hai lugares que suscitan unha certa controversia entre o discurso e a práctica libertarios; este é o caso por exemplo da taberna. Teoricamente, a taberna é criticada polos anarquistas, que ven nela un lugar de vicio e de degradación humana onde os traballadores tiran os cartos e perden a saúde consumindo bebidas alcólicas en lugar de investir ese tempo na cultura ou no militantismo activo. Así e todo, na práctica, a taberna foi un espazo de encontro e de reunión. Aí temos o caso, por exemplo, dunha taberna da cidade que serviu de lugar de reunión para constituír a sección coruñesa do Parti-

³⁶O nudismo foi unha práctica bastante estendida entre os anarquistas máis conscientes.

do Sindicalista³⁷.

No relativo á práctica de sociabilidade formal, vimos anteriormente algúns exemplos de actividades organizadas polos anarquistas locais. Estes promoveron así un lecer alternativo para os traballadores e para o pobo en xeral; un lecer que pretendían servirse tanto para a diversión como para a formación. Como é obvio, aspiraban tamén a utilizar o lecer organizado como un mecanismo de ideoloxización e de reforzamento da cohesión identitaria. Foi desta maneira, por exemplo, como os militantes libertarios conseguiron representar de xeito estábel un teatro de tipo social. Os coruñeses puideron asistir así a representacións que mesturaban pezas dramáticas con comedias, como “Fin de fiesta” de Palmiro de Lidia³⁸ —un clásico do teatro obreiro da época— “Una sociedad que muere” do anarquista coruñés José Suárez Duque, “Libertad” do tamén coruñés Luís

³⁷O Partido Sindicalista foi constituído por anarcosindicalistas moderados na primavera de 1934. O seu líder foi Ángel Pestaña, que fora secretario xeral da CNT entre 1930 e 1932. Foi unha iniciativa moi criticada no interior do movemento libertario porque a creación dun partido político era abertamente contraditoria cos principios antiestatistas e de rexeitamento da democracia representativa que preconizaban os anarquistas. Sobre a organización do Partido Sindicalista na Galiza cf. Óscar Freán Hernández, *El movimiento libertario en Galicia...*, p. 45-48.

³⁸Palmiro de Lidia era un dos pseudónimos de Adrián del Valle Costa, escritor e propagandista libertario nado en Barcelona en 1872. Unha nota biográfica en Miguel Ñíguez, *Enciclopedia histórica del anarquismo español*, Vitoria, Asociación Isaac Punte, 2008.

Ibáñez ou “El amor y el deber” e “La madre obrera” do tamén anarquista local Carlos Pol³⁹.

³⁹Gérard Brey, *Economie et mouvement syndical en Galice...*, p. 855-857.

Un contexto inevitável

A pesares dos esforzos por crear un marco global de convivencia libertaria, resultaba imposible abstraerse do contexto económico e social da cidade. O modelo económico dominante era o capitalismo e tanto a súa presenza coma a súa influencia resultaban inevitábeis en practicamente todos os ámbitos da vida dos traballadores. No ámbito profesional, a situación máis evidente era que os obreiros traballaban por un salario e que o patrón pagaba este salario. Esta dependencia de orde salarial provoca a imposibilidade de rachar co modelo de dominación propio do sistema capitalista; dominación que en moitos casos íría máis aló, ata un nivel de dependencia persoal froito do arraigo de vellos hábitos de conduta tipicamente agrarios que mantiña aínda boa parte do proletariado coruñés. Á parte do problema do

salario, podemos apuntar tamén que a convivencia non ficaba reducida ao círculo estritamente sindical, senón que se estendía tamén ao resto de compañeiros de traballo –non necesariamente anarquistas ou simpatizantes libertarios– aos cadros e aos patróns.

No ámbito doméstico temos outro exemplo, pois os alugueres das vivendas e a compra aos comerciantes locais dos diferentes produtos de alimentación e de consumo facíanse tamén por medio da relación monetaria propia do capitalismo imperante. Igualmente, moitos veciños ou tendeiros tampouco eran necesariamente anarquistas ou simpatizantes do movemento libertario. A sociedade era heteroxénea e as relacións sociais, evidentemente, tamén o eran. O fondo da cuestión é o sempre complexo problema que os anarquistas tiñan no momento de confrontar o ideal libertario á realidade.

Estes problemas non son só unha cuestión individual ou familiar, pois mesmo as organizacións libertarias se viron confrontadas a esta lóxica. Así, un dos problemas correntes das diferentes asociacións era o pago de alugueres polos locais que ocupaban. Os sindicatos, por exemplo, quérianse habitualmente desta situación. E con razón, pois no ano 1932 os alugueres dos locais sindicais das rúas Cordelería, Torreiro e Federico Tapia custaban 505 pesetas ao mes; a estes gastos habería que sumar a auga, a luz, a limpeza, os conserxes, etc.

o que elevaría o gasto mensual por riba das 1.000 pesetas⁴⁰. Como xa vimos antes, o Concello cédelles un predio para a construción da tan cobizada casa sindical; o que non deixa de ser un paradoxo, pois querendo ser independentes e autónomos para non depender do pagamento a un propietario, aceptaron a axuda das institucións públicas –do Estado ao que combatían– para poder construír o seu edificio. É unha mostra máis das dificultades atopadas e da imposibilidade de saír da dinámica política e económica de carácter liberal capitalista.

Outra cuestión complexa é a da identificación ideolóxica entre os afiliados ou simpatizantes coas organizacións libertarias nas que se integran. O nivel de identificación e de compromiso de todos os afiliados e simpatizantes ás diferentes entidades anarquistas non é o mesmo. De feito, non podemos dicir que todos os afiliados destas organizacións fosen anarquistas convencidos. Hai casos que apenas ofrecen dúbidas, como o daqueles líderes e dirixentes que asumen responsabilidades nos sindicatos, nos grupos ou nos centros culturais. Pero cando falamos da base dos afiliados é moito máis difícil determinar se o seu compromiso e orientación ideolóxica e política se corresponden cos da organización na que participan. Esta situación é especial-

⁴⁰*Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº81, 16 de xullo de 1932, p. 2.

mente clara no caso sindical, non só porque o número de afiliados aos sindicatos da CNT é elevado, senón tamén porque unha parte dos traballadores integran estes sindicatos por interese material para mellorar as súas condicións de traballo e salariais.

Non contamos con datos que nos aclaren esta situación no anarquismo coruñés, pero si que podemos establecer un paralelismo coas análises de Anna Monjo sobre o militantismo obreiro en Barcelona –a cidade confederal e libertaria por excelencia do Estado español. Os estudos de Anna Monjo sobre a relación entre os afiliados e a CNT, apuntan que raramente a afiliación ao sindicato se produce por motivos ideolóxicos, senón que nesta elección predominan as razóns económicas –situación laboral, salario, condicións de vida, sentimento de explotación por parte da burguesía– converténdose o sindicato nun medio de defensa ante estes problemas⁴¹.

⁴¹Anna Monjo, Militants. *Participació i democràcia a la CNT als anys trenta*, Barcelona, Laertes, 2003, p. 314-323.

Conclusións

Podemos afirmar que o movemento libertario na Coruña contaba cunha forte implantación e unha densa rede asociativa que integraba un importante número de afiliados e de simpatizantes. O exemplo máis claro desta situación é a afiliación aos sindicatos da CNT, que chegou a superar os dez mil traballadores durante os anos trinta. Ademais, esta situación non foi excepcional, senón que a forza do sindicalismo de orientación anarquista é constatábel na cidade dende os anos finais do século XIX. A estabilidade deste sindicalismo é salientábel e explica ben a capacidade operativa dos libertarios para facer fronte aos períodos de crise e de represión sufridos de maneira intermitente ao longo do amplo período que vai dende os anos noventa do século XIX até o comezo do franquismo.

Outro aspecto digno de ser destacado é que as redes de sociabilidade libertarias estaban presentes en todos os ámbitos da vida cotiá dos traballadores e das clases populares. Esta presenza libertaria é constatábel tanto en ámbitos de sociabilidade informal como en asociacións formalmente constituídas; nun tramado que ía dende o barrio de residencia ata os espazos de cultura e de lecer pasando, obviamente, polos lugares de traballo. Este amplo marco incluía así o espazo doméstico e familiar, o sindicato, os centros de estudo, as escolas, os grupos de teatro ou de canto, así como prácticas como o paseo, o excursionismo ou o deporte.

Evidentemente, este conxunto de espazos de sociabilidade non eran exclusivos, en moitos deles mesturábanse os militantes ou simpatizantes libertarios con persoas doutras ideoloxías ou clases sociais. Ademais, existían tamén na cidade unha chea de actividades e asociacións á marxe do anarquismo. O contexto económico, político e social provocaba logo a práctica imposibilidade de vivir completamente á maneira anarquista. A dependencia económica nun mundo dominado polo modo de produción capitalista estaba presente en todos os ámbitos por medio dos salarios, os alugueres ou as compras. Sen esquecer tampouco o resto da poboación da cidade: as autoridades, os patróns e todas aquelas persoas ou entidades diferentes ideoloxicamente dos anarquistas.

Emporiso si que é interesante constatar a amplitude da sociabilidade anarquista, o que nos conduce a afirmar que se existía esta ampla oferta era porque había un público interesado na mesma e que participaba, dunha maneira máis ou menos intensa, nesas actividades e ámbitos. Visto dende outro punto de vista, salienta igualmente que o movemento libertario era quen de estar presente nos diversos espazos da vida cotiá dos militantes e dos simpatizantes, ofrecéndolles unha alternativa anarquista á situación de explotación, exclusión, miseria ou precariedade que sufrían. Neste senso si que podemos confirmar que na Coruña había un proxecto de contrasociedade anarquista sólido e arraigado nunha parte da sociedade local, así como a existencia dunha forte rede asociativa de carácter revolucionario cun proxecto serio de transformación social e económica para avanzar cara ao comunismo libertario. Se temos en conta a forza da CNT na economía coruñesa, non sería desmesurado pensar que, nun momento determinado, os anarcosindicalistas locais puideran ter asumido o control das fábricas e organizado a produción de maneira autoxestionada.

Pese a esta capacidade e fortaleza, a trama asociativa e militante libertaria non foi capaz de defenderse e de facer fronte ao golpe de Estado franquista no mes de xullo de 1936 para pór en práctica o seu proxecto de contrasociedade. O alzamento militar triunfou rapida-

mente na Coruña e na Galiza, controlando aos poucos días os golpistas a meirande parte do territorio do país. A reacción dos anarquistas coruñeses foi inmediata, convocando os seus militantes, simpatizantes e a poboación progresista en xeral a unha manifestación para amosar a súa forza e solicitar ás autoridades a entrega de armas para loitar contra o fascismo. Pero estas armas nunha chegaron ás mans dos libertarios coruñeses, de maneira que as forzas golpistas acabaron facilmente coa pouca resistencia organizada e comezaron a brutal represión contra todos os individuos, grupos e asociacións de esquerda, entre eles os anarquistas. Empezou así unha nova loita pola supervivencia para se agochar ou marchar da cidade e do país cara aos territorios non dominados polos franquistas. Nese novo contexto, as redes sociais libertarias tecidas nos barrios populares activáronse para organizar a resistencia, a axuda e a protección dos compañeiros perseguidos; demostrando así, malia a terríbel persecución sufrida, que a estrutura que os anarquistas construíran nos anos anteriores era sólida, forte e estábel.

Índice

Limiar.....	1
A Coruña anarquista.....	5
A sociabilidade libertaria.....	15
A contrasociedade libertaria.....	39
Un contexto inevitábel.....	53
Conclusións.....	59



Oscar Freán Hernández (Ourense, 1971) é historiador, membro do Centro Lucien Febvre e Profesor Titular na Universidade de Bourgogne - Franche-Comté (Francia). Especialista da historia do anarquismo, é autor dos libros *El movimiento libertario en Galicia, 1910-1936* (Edicións do Castro, 2006) e *A revolución escrita. A prensa obrreira galega, 1866-1936* (Orbis Tertius, 2013), así como de numerosos artigos e colaboracións en diferentes revistas e obras colectivas.

